

RAIMON CASELLAS

As valgadas bravas

Traducido por Eduard del Castillo Velasco



Hugin e Munin

I

O ALEIX DAS TRUFAS

Onde cristo irían parar os ósos comestos daquel vello do demo?

Era tan decrepito, decrepito, que mentres uns dicían que tiña máis de noventa anos, outros xuraban que pasara dos cen, e non faltaba quen apostase a que levaba ao lombo máis de cento quince ou de cento vinte anos.

Entre os pastores daqueles ásperos vales de Montmany corría a rexouba fantasiosa de que xa fora enterrado unha vez, pero que como era bruxo e tiña tratos co demo, e ademais era tan rico, tan rico, escornárase para desenterrarse do chan, até volver saír do camposanto.

Cando, de Pascuas en Ramos, aparecía unha festa pola misa matinal que un cura forasteiro dicía na ermida de Puiggraciós, todo o mundo miraba para el de esguello, cunha especie de rancor estraño que tiña algo de envexa e quizais mesmo de admiración.

—A ver quen ía dar dous patacóns por ese vellouco! —dicía un boieiro, con estrañeza.

—E con tantos dobróns que ten enterrados! —respondía un leñador, con aires de home sabido.

—Mal raio o coma! —exclamaban os outros, cheos de cobiza—. Así se lle volvesen alacráns!

Pero o certo é que ao vello parecía que tanto lle daban coma tanto lle tiñan todas aquelas malquerenzas e olladas de enxergo.

Eslombado polos anos e coa cabeza gacha, igual que se buscasse agullas polo chan, pasaba apaiolado e coma quen fai que non oe, á guisa de home confiado que sente gardadas as costas por dous enormes cans que o acompañan sempre, uliscando por todas partes e regañando os cairos.

Fose por medo dos cans, fose por medo do vello, a xente miúda fuxía aterrada cada vez que os vía aparecer; e só cumpría berrar «Ollo, que vén o Aleix!» para que as criaturas corresen a arreconchegarse baixo as saias das nais. Unicamente se lle achegaban os máis mangallóns, e aínda para se encoraxaren ou para lle pedicharen algunha cousa.

—Aleix, querédesme dar un patacón? —diciá algún pilla-bán.

—*Nun, nun* —respondía o vello, cun falar todo atrapallado, todo escuro.

—E por que non?

—*Porque nun che vos teño cuartos, eue.*

—E logo non ides ter, si que tedes!

—*Nun, nun.*

—Ben que facedes boa feira coas trufas.

—*Trufas... nun vor vou a ielas.*

E como para zafarse das preguntas e da requesta dos pedicheiros, o vello daba media volta decontado, deixando pensativos, cavilosos, aqueles veciños das case desertas valgadas de Montmany que, dende que estaban sen reitor na parroquia, se vían todo o máis algún domingo, reunidos pola campá de Puiggraciós. Entrementres, o Aleix, cunha lixeireza pouco común para os seus anos, baixaba á valgada de L'Uià, traspasaba o piñeirral de La Rovira, seguía o relevo da penedía de Bertí e entraba na espesura do avesío

